

RESOLUCIÓN SOBRE AS ENTIDADES SELECCIONADAS NAS CONVOCATORIAS DA ÁREA DE CULTURA PARA IMPARTIR OBRADOIROS E AULAS NO CURSO 2026/2027

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) da Universidade da Coruña (UDC) fai pública a lista das entidades seleccionadas na resolución das convocatorias da Área de Cultura que se relacionan a continuación, publicadas o 29 de xuño de 2026 no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC:

- Convocatoria de axudas para a impartición dos obradoiros culturais.
- Convocatoria de axudas para a impartición de obradoiro e Aula de Danza.
- Convocatoria de axudas para a impartición de obradoiro e Aula de Música.
- Convocatoria de axudas para a impartición de obradoiro e Aula de Teatro.

Unha vez rematada a fase única na que a comisión de selección valorou a documentación presentada para as solicitudes admitidas, procédese a publicar a lista de entidades seleccionadas:

SOLICITANTE	TIPO DE PROPOSTA	ACTIVIDADE
Laboratorio Escénico	Aula de Danza e obradoiro de continuidade	Aula de Danza e obradoiro de danza contemporánea
Rock School Coruña	Aula de Música e obradoiro de continuidade	Aula de Música e obradoiro de actividade musical colectiva, instrumental e/ou vocal
Cunde Sociedade Cooperativa Galega	Aula de Teatro e obradoiro de continuidade	Aula de Teatro e obradoiro de teatro
CÍA María Música SC	Obradoiro de continuidade	Teatro musical
Cunde Sociedade Cooperativa Galega	Obradoiro de continuidade	Laboratorio de artes performativas e xénero
E-Me. Gestión integral de comunicación	Obradoiro de continuidade	Escritura creativa
Espacio Peculiar	Obradoiro de proposta libre	Achegamento práctico á arte contemporánea (2º cuatrimestre)
Laboratorio Escénico	Obradoiro de proposta libre	Danzas Urbanas (Hip Hop, Popping, Locking, Dancehall e Freestyle) (1º cuatrimestre)
Páramo Imaginario	Obradoiro de proposta libre	Filmar o cotiá: Introducción ao cinema diario (2º cuatrimestre)

As entidades seleccionadas deberán aceptar a adxudicación no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para o cal poden enviar un correo electrónico ao enderezo normal@udc.gal, así como entregar a declaración responsable de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais que se indica no punto 7 das convocatorias. De non o facelo, a VDCD poderá adxudicar o contrato a outra entidade solicitante ou deixalo deserto.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do

contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte